



DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CONTENEDORES DE MATERIA ORGÁNICA, CALDEIROS BIORRESIDUOS, BOLSAS COMPOSTABLE E CAMPAÑA DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN Á POBOACIÓN, PARA A XESTIÓN DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL NO CONCELLO DE CASTRO DE REI. (Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda. Plan de recuperación, transformación e resiliencia). Expediente 896/2022.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do concello de Castro de Rei (Lugo).

Este subministro está incluído dentro da Resolución do 13 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por anticipado de gasto, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), para a realización da actuación denominada *Mellora da xestión dos biorresiduos no concello de Castro de Rei* por importe de trece mil douscentos trinta e nove euros (13.239,00 €), que desenvólvese nas seguintes anualidades:

-Anualidade 2022: Adquisición dos medios materiais (contenedores +caldeiros +bolsas compostables) por importe de 10.593€.

-Anualidade 2023: Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación (plan de traballo +xornadas de difusión +dípticos +guías biorresiduos) por importe de 2.646€.

Esta actuación encádrase dentro da Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalación específicas de tratamento biolóxico.

Dado que a adquisición dos medios materiais e a campaña de información, difusión e sensibilización á poboación supoñen unha actuación vinculada entre sí e complementaria, será licitada de maneira conxunta para a anualidade 2022, con independencia da súa financiación en dúas anualidades.

Vista a Memoria de Alcaldía de data 13 de outubro de 2022, xustificando a contratación do subministro de contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresiduos, bolsas compostable e campaña de información, difusión e sensibilización á poboación, para a xestión de biorresiduos de competencia municipal no concello de Castro de Rei.

Vistas as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Ancaria S.L., con CIF B-27418854, con data 20 de outubro de 2022, co nº RE-688, por importe estimado de 14.390€, máis 3.021,90€ de 21% de IVE, facendo un total de 17.411,90€.
- Helem Servicios Multidisciplinares S.L.U., con CF B-27456318, que tivo entrada no concello o 23 de outubro de 2022, co nº RE-693, por importe estimado de 14.600€, máis 3.066€ de 21% de IVE, facendo un total de 17.666€.



En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019, publicado no B.O.P, de Lugo nº 165, de 19 de xullo de 2019.

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 138 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a contratación do subministro de contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresiduos, bolsas compostable e campaña de información, difusión e sensibilización á poboación, para a xestión de biorresiduos de competencia municipal no concello de Castro de Rei, dentro das axudas correspondentes a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e aprobar o gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente do orzamento do exercicio 2022, por importe total de 17.799,10€.

Terceiro.- Adxudicar o contrato menor do subministro de contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresiduos, bolsas compostable e campaña de información, difusión e sensibilización á poboación, para a xestión de biorresiduos de competencia municipal no concello de Castro de Rei, á empresa Ancaria S.L. por importe total de 17.411,90€, desglosado en importe estimado de 14.390€, máis 3.021,90€ de 21% de IVE.

Debendo executarse o subministro na data límite do 18 de novembro de 2022.

Debendo executarse a campaña de información, difusión e sensibilización á poboación, na anualidade do 2023, con data límite 30 de maio de 2023.

Cuarto.- Notificar este acordo á empresa Ancaria S.L., con CIF B-27418854.

Quinto.- A Alcaldía deste concello será a habilitada para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución desta resolución.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

